O día 19 de Novembro o Programa de Animación e Voluntariado mantivemos unha entrevista con Fabiola, que é a responsable deste proxecto. Ela comezou a colaborar dende os inicios pero foi no ano 1990 cando colleu as rendas desta actividade. As súas motivacións son diversas, dende o seu amor pola arte, especialmente pola pintura, ata o seu compromiso e implicación dentro da Entidade de Cáritas. Ata o facer desta exposición unha actividade con certo renome dentro da nosa cidade en particular e na nosa Diocese en xeral. Preguntámoslle por algún momento especial ao longo de todos estes anos e contestounos: *"Todos os anos son especiais, pero é precisamente o día da poxa, xa que non sabes como vai saír"*.

Esta actividade fáiselle "levadeira" grazas á experiencia e aos anos que a leva programando e gratificante polo logro de grandes amizades ao longo de todo este tempo.

Con ela colabora de xeito especial o seu marido, León López da Osa, coa recollida de obras en toda Galicia e coa loxística na exposición. Tamén a súa amiga, Catalina de Haz, coa recollida de obras e o contacto con novos artistas e Andrés Amor que leva a cabo a poxa.

Este ano a exposición tivo lugar no Centro Social Caixanova (sala de exposicións III) dende o luns 12 ata o xoves 27 de Novembro e a posterior poxa o día 28 no Centro Cultural Caixanova.

Algunhas obras expostas na sala de Exposicións

Dende Cáritas Diocesana de Tui-Vigo queremos agradecer dunha forma especial o labor de todos os colaboradores/as nesta exposición e posterior poxa, pasando polo gran número de artistas ou familiares, que de xeito altruísta doan ou ceden parte das súas obras e terminando por aquelas persoas que visitan a nosa exposición e participan na poxa de arte para poder financiar as obras e proxectos que esta entidade está levando a cabo na Diocese de Tui-Vigo.

Programa de Animación Comunitaria e Voluntariado

Cupón Socio/Donativo

Sr. Director de _____ Sucursal _____

Desexo domicilien na miña conta os recibos que presentará Cáritas Diocesana de Tui-Vigo

Nome _____

Enderezo _____ Teléfono _____

Nº cta. |_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_|_| Importe _____

☐ Anuais
☐ Trimestrais
☐ Mensuais
☐ Entrega única

_____, a _____ de _____ de 2008

Sinatura

Enviar a Cáritas Diocesana Tui-Vigo. Avda. García Barbón, 104 baixo. 36201 Vigo